

INFORMACIÓN MATRÍCULA ABAU 2020

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

- ◆ **TAXAS DO TÍTULO DE BACHARELATO** - OBRIGATORIO TRAMITAR O TÍTULO DE BACHARELATO PARA ACCEDER A ABAU.

É preciso aboar as Taxas para a obtención do Título de Bacharelato

MODELOS E FORMAS DE PAGO DAS TAXAS (elegir un sistema dos seguintes, presencial ou telemática MODELO A ou MODELO A1 ou MODELO 731 ou MODELO 730):

MODELO A: Impreso autocopiativo de pago que se pode recoller no instituto, cúbrese, asíñase e págase no banco

Forma de cubrir:

- Apartado “CÓDIGOS”:

- Consellería de: **cultura, educación e ordenación universitaria** Código: **07**
- Delegación de: **servizos centrais** Código: **13**
- Servizo de: **ensino medio** Código: **03**
- Taxa: denominación: **expedición títulos académicos e profesionais correspondentes a ensinanzas LOMCE** Código: **302003**

- Apartado de “SUXEITO PASIVO”: cubrir cos datos persoais do/a alumno/a

- Apartado “LIQUIDACIÓN”:

- Base de cálculo: **Título de bacharelato**
- Tipo ou tarifa: Tarifa normal: **52,94 €**
Familia numerosa categoría xeral: **26,50 €**
Familia numerosa categoría especial: **0,00 €**

(en caso de ser familia numerosa, entregar no instituto orixinal e copia da documentación xustificativa)

- Lugar, data e **sinatura**

* Facer o pago de forma presencial no banco ou vía telemática.

* Levar de novo ao instituto **o xustificante do pago**, (a copia do interesado e a da administración, a do banco queda no banco no caso de pago presencial). Levar tamén orixinal e copia do DNI do/a alumno/a ao instituto e o xustificante da tarxeta de familia numerosa, se é o caso.

Cubrir todos os datos e ir ao banco a pagar as taxas - ASINAR - (traer a folha do interesado e da administración á secretaría do instituto despois de pagar no banco)

MODELO A1: O Impreso pode descargarse da web <http://ovt.atriga.gal/>, cúbrese, asíñase e págase no banco de forma presencial igual que co **MODELO A**.

MODELO 731: Cúbreñse os datos en internet <http://ovt.atriga.gal/> e despois imprímese o impreso e págase no banco de forma presencial igual que co **MODELO A**.

MODELO 730: Pago telemático puro (cúbreñse os datos por internet <http://ovt.atriga.gal/> e faise o pago vía telemática). Neste caso, unha vez feito o pago telemático o navegador descargará o xustificante **MODELO 730** e logo deberá presentalo na secretaría do centro educativo.

NOTA: Antes de descargar o **MODELO 730**, a aplicación xera un recibo do pago con tarxeta. **ESTE RECIBO NON É VÁLIDO**. Cos datos deste recibo hai que voltar á aplicación e xerar o **MODELO 730** que é o que hai que entregar no centro.

◆ **TAXAS DO EXAME ABAU** (cubrir todos os datos e ir ao banco a pagar as taxas) cuantías:

* Taxa ordinaria: **63,67 €**

* Familia numerosa-categoría xeral: **31,84 €** (traer orixinal e copia do carnet de familia numerosa)

* Familia numerosa-categoría especial: **GRATUÍTA** (traer orixinal e copia do carnet de familia numerosa)

* Persoas con discapacidade >33% ou vítimas de violencia de xénero: **GRATUÍTA** (traer documento oficial da Xunta ou Juzgado)

* Persoal traballador nas Universidades da SUG: **GRATUÍTA** (traer documento xustificativo do departamento de persoal da universidade)

◆ **FOIIA NOMINAL** (é persoalizada cos datos académicos, tes que revisar moi ben todos os datos persoales, teléfono e sobre todo as cualificacións que serán coas que fagan a nota media)

Se algún dato está incorrecto avisar en secretaría no momento da matrícula ABAU para cambialo – ASINAR A FOLLA)

◆ **FOLLA DE MATRÍCULA** (Cubrir os datos personais e seleccionar os exámes a os que te queres presentar, cubre un correo electrónico que é a donde te enviarán toda a información importante e a donde te enviarán a tarxeta de cualificacións. RECORDA ASINAR)

◆ **FOLLA DE INSTRUCCIÓN DO PROGRAMA NERTA** (é unha folha informativa de cómo funciona o programa NERTA para ver notas, facer reclamación/s, etc.)

TRAER TODA ESTA DOCUMENTACIÓN, **TODA**, INCLUÍDA TODAS AS FOLLAS DE TAXAS DO BANCO, Á SECRETARÍA ENTRE O **10 E O 17 DE JUÑO** E 2 COPIAS DO TEU DNI (fotocopiados en follas distintas) PARA MATRICULARSE DE ABAU